



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

DECRETO CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO NÚM. 5 DO 8 DE MAIO DE 2026

Exp. núm.: 2025/G010/000005

No uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

ANTECEDENTES

Vista a solicitude presentada en data 26 de abril de 2026 por concelleiros da Corporación, ao abeiro do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, interesando a convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno coa orde do día que nela se detalla.

Visto o Decreto de Alcaldía de data 30 de abril de 2026 polo que se convocaba sesión extraordinaria do Pleno para o día 6 de maio de 2026.

Considerando adecuar a orde do día da convocatoria ao contido da solicitude presentada polos concelleiros, de acordo co escrito presentado o día 30 de abril polos concelleiros convocates.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto de Alcaldía de data 30 de abril de 2026 polo que se convocaba sesión extraordinaria do Pleno.

SEGUNDO.- Convocar sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Muros que se celebrará no Salón de Plenos da Casa Consistorial o vindeiro día 8 de maio de 2026 ás 10:00 horas, e no caso de non existir quórum necesario, na segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debater os asuntos relacionados no seguinte:

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- Instar á Alcaldía do concello de Muros a acatar a sentenza, cesando de inmediato a conduta vulneradora.

SEGUNDO.- Instar ao concelleiro de servizos sociais a que presente a súa dimisión inmediata, en base á gravidade dos feitos declarados probados na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

TERCEIRO.- De continuar como concelleiro, instar á Alcaldía a que se lle retiren as competencias delegadas que ten outorgadas.

CUARTO.- Reprobar formalmente a actuación política da Alcaldía e do concelleiro de servizos sociais pola adopción de decisións que derivaron nunha vulneración de dereitos fundamentais dunha traballadora municipal, e por non adoptar as medidas de prevención necesarias.

QUINTO.- Que unha vez se lle dea cumprimento á sentenza, o concello exercite contra o concelleiro a acción de regreso, segundo o disposto no artigo 36 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, e previo o procedemento que corresponda.

SEXTO.- Dar traslado do presente acordo aos delegados sindicais e comité de empresa, ás organizacións sindicais con representación no concello e á cidadanía para o seu coñecemento.

Muros, 5 de maio de 2026, asinado dixitalmente pola alcaldesa Da. María Lago Lestón, ante min o secretario accidental D. José Manuel Mayo Priegue



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Desta convocatoria, da acta e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Da. Laura Eiras Rivadeneira e D. Mario Martínez Lago e Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG), Da. Caridad González Cerviño, D. Damián Torea García e Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE), Da. María Inés Monteagudo Romero, D. José Vázquez Rama, Da. María del Carmen González García, D. Juan Manuel Martínez Martínez e Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP), D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)